

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria NÚMERO: 2021/6

DATA: xoves 29 de abril de 2021

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:06 h

HORA DE REMATE: 22:10 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA INES MONTERO ARES, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTÁNS
TOBIAS BETANZOS REGO
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
MARIANO MOARES RIAL
GERMAN ALLUT VIDAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑIZ
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN
PSdeG-PSOE
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Acta nº 5/2021 do Pleno en sesión ordinaria do 25 de marzo de 2021
2. Ratificación da resolución de alcaldía nº 320/2021 de data 15/04/2021: SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2021: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN CAMBIO DE CUBERTA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE RIANXO - MARZO 2021
3. Ratificación da resolución de alcaldía nº 307/2021 de data 09/04/2021: APROBACIÓN Adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina)
4. Incoación do expediente para nomeamento do Xuíz de Paz titular e substituto
5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL REGULADORA DA APLICACIÓN DE TRIBUTOS E INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO
6. Proposta de Alcaldía: retirada título adoptivo a Evaristo Martín Freire
7. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
8. Dación de conta ao Pleno do informe de seguimento do Plan de axuste 2012-22 relativo ao 4º trimestre de 2020
9. Dación de conta ao Pleno da aprobación do Plan orzamentario a medio prazo 2022-24
10. MOCIÓN do grupo municipal Rianxo en Común: APOIO Á IMPLANTACIÓN DE NOVAS EMPRESAS NO NOSO MUNICIPIO
11. MOCIÓN grupo municipal Rianxo en Común: AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR
12. MOCIÓN grupo municipal BNG: SOBRE OS SERVIZOS DOS BANCOS E DA BANCA
13. Rogos e preguntas

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=sPIDL5Aroww>

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 5/2021 DO PLENO ORDINARIO DO 25 DE MARZO DE 2021

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 5/2021 de 25/03/2021.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/03/2021, Acta nº 5/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 320/2021 DE DATA 15/04/2021: SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2021: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN CAMBIO DE CUBERTA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE RIANXO - MARZO 2021

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 15 de abril de 2021 ditase a Resolución de Alcaldía número 320/2021 que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SUBSANACIÓN REQUIRIMENTO DEPUTACIÓN OBRA POS+2021: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN CAMBIO DE CUBERTA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE RIANXO - MARZO 2021

EXPEDIENTE DO POS + 2021 2021/A008/000013

ANTECEDENTES

1.- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de novembro de dous mil vinte (27/11/2020), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS para o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021, publicadas no BOP no 205 de 01/12/2020.

2.- O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria urxente de data xoves 4 de febreiro de 2021, acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.

3.- A Deputación Provincial da Coruña en data de 11.03.2021 (R.E. n.º 20210000000940) requiriu ao concello respecto do proxecto sinalado no encabezamento a subsanación seguinte:

"Revisada a documentación presentada, atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:

1.-PROXECTO OU PREGO:-

A denominación deste investimento é xenérica. A Base 2.3 das reguladoras do Plan indica o seguinte: [...] "Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos que se integran no Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación" [...].

Por todo isto deberá aclararse se o Pavillón polideportivo é o único que existe en Rianxo. Para o caso de que non sexa o único pavillón polideportivo, deberá completarse a denominación para a súa identificación precisa. (No proxecto faise referencia a que se sitúa na Rúa Rosalía de Castro).

-O proxecto correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 2de marzo de 2021un informe desfavorable que se transcribe a continuación:

"Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que presenta a seguinte eiva:

-Debe eliminarse o Prego de Cláusulas Administrativas, xa que, de acordo coa convocatoria do POS+ 2021, as cláusulas administrativas a aplicar serán as recollidas nos vixentes Pregos Tipo aprobados pola Deputación. Deben manterse exclusivamente as especificacións contidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares no que se refire estritamente á execución das obras a realizar".

NOTA: Estas deficiencias deberán ser corrixidas presentando a documentación necesaria como DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/EMENDA. "

4.- Deuse traslado desta circunstancia ao redactor do proxecto, procedendo éste en data de 15.03.2020 (R.E. n.º 20219990000521) a aportar proxecto técnico corrixido, que foi subido a plataforma Subtel o 17.03.2021 co Nº Rexistro: 202199900028784 Expediente: 202100000507

5.- Con data 20.04.2021, A Deputación da Coruña vía telefónica comunica que o proxecto esta correcto, debendo aprobar dito proxecto corrixido e enviar dito acordo pola plataforma SUBTEL o mais axiña posible, xa que van a cerrar dita plataforma a finais do mes de abril.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos".

Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista da notificación da Deputación da Coruña con data 20/04/2021 solicitando a aprobación do proxecto.

A vista das consideracións legais e antecedentes expostos, é polo que no uso das competencias que me atribúe o art. 21.1 c) da Lei 7/1985, ACORDO:

PRIMEIRO

De acordo co sinalado nas consideracións legais e técnicas anteriores, aprobar o proxecto modificado marzo de 2021 presentado en data de 15.03.2020 (R.E. n.º 202199900000521) redactado a requirimento da Deputación Provincial da Coruña, que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento inicial nin modificacións de carácter substancial senón correccións materiais para poder atender ao requirimento da Deputación da Coruña.

SEGUNDO

Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO

Dar traslado de este acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL, de acordo o seu requirimento

En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 320/2021, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS, MEDIOAMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, en sesión ordinaria do día 22/04/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade, dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 320/2021, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a proposta nos termos desta.

3 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 307/2021 DE DATA 09/04/2021: APROBACIÓN ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á VESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 09 de abril de 2021 ditase a Resolución de Alcaldía número 307/2021 que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

Con data 09/04/2021 a Federación Galega de Municipios e Provincias remite un correo electrónico do alcalde do concello de Rianxo que textualmente di:

*“Lembrámoslle que o **prazo para adherirse** ao novo Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina), que substitúe ao anterior protocolo asinado en 2020, **remata o vindeiro luns 12 de abril de 2021.***

Aínda que estivese adherido ao convenio asinado no ano 2020, debe formalizar de novo a súa adhesión a este convenio de 2021, remitindo o Anexo III debidamente cuberto e asinado antes **do vindeiro luns 12 de abril** ao seguinte enderezo electrónico registro@fegamp.gal.

A continuación pode consultar e descargar toda a documentación relacionada:

- ✓ [Texto do convenio.](#)
- ✓ [Anexo listado concellos](#)
- ✓ [Modelo de adhesión ao convenio \(Anexo III\).](#) "

Segundo o texto do convenio na súa parte expositiva indica que:

".../...

Cuarto.-Que a Xunta de Galicia con motivo da problemática xerada polo avance da avésa asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este Programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este Programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible. Ata o ano 2019, as actuacións para a retirada dos niños de *Vespa Velutina* foron realizadas, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural. Posteriormente, con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a FEGAMP, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á *Avespa Asiática (Vespa Velutina)*. Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da *Vespa Velutina* no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos ofrecendo unha actuación profesional e eficaz."

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase este convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a FEGAMP, incorporando a novos concellos interesados en adherirse ao mesmo.

.../..."

Ante o anteriormente exposto é necesario aprobar a Adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e

Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina) con urxencia para poder cumprir o prazo de adhesión que remata o vindeiro luns 12/04/2021, polo que visto o informe desfavorable de secretaría emitido en data de 09.04.2021, onde se me advirte así mesmo da necesidade de informe preceptivo de intervención do Concello entre outros, e sendo competente do Pleno da Corporación en virtude da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia, e estimándose preciso acelerar o proceso para dita Adhesión, RESOLVO:

PRIMEIRO

*Aprobar a **Adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina)** segundo do recollido no convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp o día 10 de marzo de 2021, que se transcribe a continuación:*

“CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo que en virtude do seu nomeamento por Decreto 112/2020, de 6 de setembro, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 214/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019. As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- *Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.*

De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa

execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- *Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.*

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración Local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

Terceiro.- *Que de conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.*

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como “un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.” E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Cuarto.- *Que a Xunta de Galicia con motivo da problemática xerada polo avance da avespa asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este Programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este Programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.*

Ata o ano 2019, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa Velutina foron realizadas, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Posteriormente, con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a FEGAMP, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asíñase este convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e a FEGAMP, incorporando a novos concellos interesados en adherirse ao mesmo.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades Locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral tanto das entidades locais xa adheridas dende o ano 2020 que se relacionan no Anexo I como das novas entidades locais interesadas en adherirse relacionadas no Anexo II coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa Velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e

que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

As entidades locais dos Anexos I e II deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do Anexo III no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

Cuarta.-Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Sétima.-Coordinar a execución do programa

A Administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa Velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

1.Potenciar o portal de internet "Eido local" (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa Velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas Entidades Locais.

2.Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás Entidades Locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa Velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.

3.Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa Velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:

2 Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de Vespa Velutina recibidos e rexistrados a través da aplicación <http://www.controlvelutina.es/> mediante

chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.

- 3 *Eliminación/neutralización de niños activos de avéspera asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.*

Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- *Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos*

CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN

Oitava.-Facilitar a execución do programa

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as Entidades Locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométese a:

- *Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levandoa cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa Velutina, a requirimento da Xunta de Galicia.*
- *Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa Velutina da Xunta de Galicia.*
- *Permitir a coordinación a través do portal de internet "Eido local" (www.eidolocal.gal)*

CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP

Novena.-Informar para facilitar a execución do programa

- *Coordinarse coa Administración da comunidade autónoma de Galicia econ todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa devixilancia e control da Vespa Velutinada Xunta de Galicia.*

CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da FEGAMP.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.*
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.*
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.*
- As propostas de modificación do presente convenio.*
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio*

CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO

Décimoprimeira. Financiamento

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da Vespa Velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

Décimosegunda.-Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimoterceira.-Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimocuarta.-Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes na data que se consigna na sinatura electrónica.

Vicepresidente primeiro e conselleiro
de Presidencia, Xustiza e Turismo

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente da Federación Galega de Municipios
e Provincias

D. Alberto Varela Paz

SEGUNDO

Ratificar no pleno a aprobación da **Adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina)**

TERCEIRO

Notificar esta resolución a FEGAMP, xunto co ANEXO III ([Modelo de adhesión ao convenio](#) (Anexo III).

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 307/2021, nos termos indicados na mesma.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS, MEDIOAMBIENTE, MAR E MEDIO RURAL, en sesión ordinaria do día 22/04/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade, dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

ÚNICO

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 307/2021, nos termos indicados na mesma.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, RATIFICAR a proposta nos termos desta.

4 INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA NOMEAMENTO DO XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO

Dáse lectura da proposta presentada:

Recibido escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (rex. entrada de 29/03/2021, nº 202100000001208 e 202100000001209), polo que se comunica que estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou Xuíz de Paz titular e substituto.

Visto o informe de Secretaría de data 14/04/2021

Considerando o disposto na Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder xudicial (LOPX), Lei 39/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e Planta xudicial (PDPX) e Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (RXP), propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO:

Aprobar a convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíz de Paz Titular e Substituto do Concello de Rianxo que se axustará as bases seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO

Estando vacantes as prazas do Xuíz de Paz Titular e Substituto do Xulgado de Paz deste Municipio e tendo en conta o acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este concello para que se inicie novo expediente ao efecto, efectúase convocatoria pública, co fin de que as persoas interesadas poidan presenta-las instancias, no Rexistro do Concello de Rianxo, durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña. A convocatoria publicarase igualmente, mediante editos, no taboleiro de anuncios municipal, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

1.- CONDICIÓNS LEGAIS DOS SOLICITANTES.

Para poder concorrer precísanse os seguintes requisitos:

- a) Ser español.*
- b) Ser maior de idade.*
- c) Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss.*

2.- INCAPACIDADES.

Están incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN COA SOLICITUDE.

Os interesados deberán achegar SOLICITUDE na que indicaran expresamente a praza a que concorren, titular, substituto ou ambas, coa seguinte documentación :

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.*
- b) Certificación médica, expedida pola Xefatura Provincial de Sanidade, acreditativa expresamente de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.*
- c) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se encontra inculcado o procesado".-*
- d) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a*

excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).

e) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.-

4.- PROCEDEMENTO.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, polo Pleno do Concello procederase á elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptárase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

De non presentar solicitudes, o Pleno do Concello elixira libremente.

O acordo do Concello será remitido ao Xuíz de primeira instancia e instrución do partido xudicial, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O nomeamento do Xuíz de Paz titular e o Substituto será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

SEGUNDO

Que se proceda á publicación da convocatoria pública no BOP da Coruña e, mediante editos, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/04/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade, dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO:

Aprobar a convocatoria pública para cubrir a vacante de Xuíz de Paz Titular e Substituto do Concello de Rianxo que se axustará as bases seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO

Estando vacantes as prazas do Xuíz de Paz Titular e Substituto do Xulgado de Paz deste Municipio e tendo en conta o acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este concello para que se inicie novo expediente ao efecto, efectúase convocatoria pública, co fin de que as persoas interesadas poidan presenta-las instancias, no Rexistro do Concello de Rianxo, durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña. A convocatoria publicarase igualmente, mediante editos, no taboleiro de anuncios municipal, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

1.- CONDICIÓN LEGAIS DOS SOLICITANTES.

Para poder concorrer precísanse os seguintes requisitos:

- a) Ser español.*
- b) Ser maior de idade.*
- c) Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss.*

2.- INCAPACIDADES.

Están incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN COA SOLICITUDE.

Os interesados deberán achegar SOLICITUDE na que indicaran expresamente a praza a que concorren, titular, substituto ou ambas, coa seguinte documentación :

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.*
- b) Certificación médica, expedida pola Xefatura Provincial de Sanidade, acreditativa expresamente de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.*
- c) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se encontra inculcado o procesado".-*
- d) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).*

e) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.-

4.- PROCEDEMENTO.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, polo Pleno do Concello procederase á elección de Xuíz de Paz Titular e Substituto entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

De non presentar solicitudes, o Pleno do Concello elixira libremente.

O acordo do Concello será remitido ao Xuíz de primeira instancia e instrución do partido xudicial, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O nomeamento do Xuíz de Paz titular e o Substituto será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

SEGUNDO

Que se proceda á publicación da convocatoria pública no BOP da Coruña e, mediante editos, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL REGULADORA DA APLICACIÓN DE TRIBUTOS DE INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPEDIENTE: 2021/G006/000181

EXPEDIENTES RELACIONADOS: 2021/X999/000542 e 2021/X999/000186

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello considera oportuno, necesario e conveniente modificar a Ordenanza fiscal xeral reguladora da aplicación de tributos de ingresos de dereito público.

Vista a necesidade de proceder a modificar dita ordenanza, debido á vontade desta corporación de subscribir o Convenio coa Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, s.a., s.m.e., para facilitar o ingreso en contas do concello de xiros postais empregados para pagamento das débedas tributarias e outras de dereito público, e segundo se desprende dos informes emitidos pola Tesouraría municipal en data 9 de febreiro de 2021 e de intervención de 28 de marzo de 2021.

Sendo dita vontade unha manifestación do obxectivo da procura da progresiva aplicación de procedementos que permitan aproximar a administración aos cidadáns, así como facilitar a realización de trámites na administración municipal, redundando nun incremento e mellora da eficacia e da eficiencia dos servizos prestados.

Neste senso, e respecto do ámbito tributario e dos ingresos de dereito público, considerase necesario e oportuno a ampliación dos lugares e medios de pago, debido á reticencia das entidades financeiras a aumentar as transaccións en oficina, e á súa firme aposta polo negocio da banca electrónica, o que supón unha dificultade real para o aumento das entidades colaboradoras na recadación, e mesmo dun risco inminente de minoración do seu número, que na actualidade son tres (ABANCA, SANTANDER e CAIXABANK).

Neste contexto que non reviste carácter coxuntural, senón estrutural e que progresivamente suporá a transformación do negocio bancario cara un modelo baseado nas transaccións a través de pasarelas virtuais e operacións electrónicas, e en aras de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias dos contribuíntes e debedores da facenda municipal, someteuse a informe da tesouraría e intervención municipais o texto do Convenio coa Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, s.a., s.m.e.

Das conclusións dos informes citados, resulta a modificación puntual desta ordenanza fiscal, aproveitándose para introducir os canais alternativos de pagamento de tributos e débedas de dereito público, que se ben se estaban xa aplicando, non figuraban reguladas expresamente.

Vistos os informes de secretaría, tesouraría e intervención, emitidos o 19 de abril de 2021, efectúase a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO. Modificar a Ordenanza fiscal xeral reguladora da aplicación de tributos de ingresos de dereito público, nos seguintes termos:

“Suprimir o apartado 3 do artigo 19, e modificar o artigo 20, quedando redactado como se indica a continuación:

Artigo 20.- Medios e lugares de pago.

1. O pago de débedas debe realizarse polos medios establecidos neste artigo ou na ordenanza reguladora de cada tributo.
2. Os medios para realizar o pago efectivo serán o seguintes:
 - a. Diñeiro de curso legal.

b. Tarxeta de débito ou crédito

c. Transferencia bancaria. De xeito excepcional e unicamente cando se indique de forma expresa na notificación da débeda, os pagos en efectivo poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia será por importe igual ao da débeda, haberá de expresar o concepto concreto ao que o ingreso corresponda, e conter o detalle cando o ingreso se refira e deba aplicarse a varios conceptos.

Simultaneamente ao mandato de transferencia o ordenante cursará á Recadación municipal declaración expresando a data da transferencia, o seu importe, entidade financeira de emisión, número do recibo ou liquidación e concepto de ingreso ao que se refira.

Os ingresos realizados mediante transferencia entenderanse efectuados na data que teñan entrada nas contas municipais.

d. Cheque. O cheque deberá reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- Ser nominativo a favor do Concello de Rianxo.
- Estar datado no mesmo día da súa entrega, ou nos dous días naturais inmediatos anteriores.
- Estar conformado, certificado ou expedido pola entidade librada.
- Expresar con claridade o nome e apelidos ou razón social da persoa ou entidade libradora, baixo a súa sinatura; si esta actúa en representación doutra, a identificación da persoa representada figurará na antefirma.

A entrega do cheque que reúna tales requisitos liberará á persoa debedora, polo seu importe, desde o momento de recepción pola entidade correspondente.

A parte da débeda non satisfeita polo cheque, unha vez transcorrido o período voluntario de ingreso, o seu caso, dará lugar á expedición do título executivo pola parte pendente.

Que efectúa o pago mediante cheque identificará con claridade os datos necesarios para identificar plenamente a débeda ou débedas ás que imputar o cobro, comunicando a Recadación en todo caso o concepto, período e número de recibo ou liquidación correspondente.

e. Domiciliación: nos termos que se indica no artigo seguinte.

f. Xiro Postal: o pago entenderase efectuado desde o momento da imposición.

3. O pago das débedas xestionadas pola Administración tributaria municipal realizarase:

a. nas entidades financeiras colaboradoras:

- directamente, nas oficinas e durante o seu horario de caixa
- a través de caixeiros automáticos das entidades colaboradoras que o permitan

- a través da banca electrónica das entidades colaboradoras que o permitan
 - b. a través da pasarela de pagos da web do Concello de Rianxo
 - c. nas Oficinas de Correos, nos termos previstos no Convenio entre a Sociedade estatal de Correos y Telégrafos SA, SME, e o Concello de Rianxo, para facilitar o ingreso en contas do concello de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outras de dereito público.
4. O emprego de calquera medio de pago alternativo ao de entrega de diñeiro de curso legal non poderá implicar gasto algún para o Concello de Rianxo. De non ser así, calquera gasto cargado ao concello será automaticamente resarcido do importe abonado, continuándose o procedemento recadatorio polo resto da cantidade pendente de cobro.”

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Boletín Oficial da provincia.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/04/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por unanimidade, dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Modificar a Ordenanza fiscal xeral reguladora da aplicación de tributos de ingresos de dereito público, nos seguintes termos:

“Suprimir o apartado 3 do artigo 19, e modificar o artigo 20, quedando redactado como se indica a continuación:

Artigo 20.- Medios e lugares de pago.

1. O pago de débedas debe realizarse polos medios establecidos neste artigo ou na ordenanza reguladora de cada tributo.

2. Os medios para realizar o pago efectivo serán o seguintes:

a. Diñeiro de curso legal.

b. Tarxeta de débito ou crédito

c. Transferencia bancaria. De xeito excepcional e unicamente cando se indique de forma expresa na notificación da débeda, os pagos en efectivo poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia será por importe igual ao da débeda, haberá de expresar o concepto concreto ao que o ingreso corresponda, e conter o detalle cando o ingreso se refira e deba aplicarse a varios conceptos.

Simultaneamente ao mandato de transferencia o ordenante cursará á Recadación municipal declaración expresando a data da transferencia, o seu importe, entidade financeira de emisión, número do recibo ou liquidación e concepto de ingreso ao que se refira.

Os ingresos realizados mediante transferencia entenderanse efectuados na data que teñan entrada nas contas municipais.

d. Cheque. O cheque deberá reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- Ser nominativo a favor do Concello de Rianxo.
- Estar datado no mesmo día da súa entrega, ou nos dous días naturais inmediatos anteriores.
- Estar conformado, certificado ou expedido pola entidade librada.
- Expresar con claridade o nome e apelidos ou razón social da persoa ou entidade libradora, baixo a súa sinatura; si esta actúa en representación doutra, a identificación da persoa representada figurará na antefirma.

A entrega do cheque que reúna tales requisitos liberará á persoa debedora, polo seu importe, desde o momento de recepción pola entidade correspondente.

A parte da débeda non satisfeita polo cheque, unha vez transcorrido o período voluntario de ingreso, o seu caso, dará lugar á expedición do título executivo pola parte pendente.

Que efectúa o pago mediante cheque identificará con claridade os datos necesarios para identificar plenamente a débeda ou débedas ás que imputar o cobro, comunicando a Recadación en todo caso o concepto, período e número de recibo ou liquidación correspondente.

e. Domiciliación: nos termos que se indica no artigo seguinte.

f. Xiro Postal: o pago entenderase efectuado desde o momento da imposición.

3. O pago das débedas xestionadas pola Administración tributaria municipal realizarase:

a. nas entidades financeiras colaboradoras:

- directamente, nas oficinas e durante o seu horario de caixa
 - a través de caixeiros automáticos das entidades colaboradoras que o permitan
 - a través da banca electrónica das entidades colaboradoras que o permitan
- b. a través da pasarela de pagos da web do Concello de Rianxo
- c. nas Oficinas de Correos, nos termos previstos no Convenio entre a Sociedade estatal de Correos y Telégrafos SA, SME, e o Concello de Rianxo, para facilitar o ingreso en contas do concello de xiros postais utilizados para pagar débedas tributarias e outras de dereito público.
4. O emprego de calquera medio de pago alternativo ao de entrega de diñeiro de curso legal non poderá implicar gasto algún para o Concello de Rianxo. De non ser así, calquera gasto cargado ao concello será automaticamente resarcido do importe abonado, continuándose o procedemento recadatorio polo resto da cantidade pendente de cobro.”

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e do Boletín Oficial da provincia.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6 PROPOSTA DE ALCALDÍA: RETIRADA TÍTULO ADOPTIVO A EVARISTO MARTÍN FREIRE

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nacido en Piedrabuena-Cidade Real (29-6-1904) e finado en Madrid (17-8-1972). Gran propietario agrícola e gandeiro. En 1931 militaba no Partido Agrario Español, integrado despois na CEDA. En xullo de 1936 participa como voluntario no exército de Franco, chegando á graduación de capitán. Cando acaba a Guerra Civil é xefe comarcal de Cidade Real de Falanxe Española, de

febreiro de 1940 a xullo de 1941. Presidente da Deputación de Cidade Real (1943-1951) e procurador das Cortes franquistas. Gobernador Civil de As Palmas e de Alacante e Gobernador Civil da Coruña (1958-1966). Desde 1966 traballou con Manuel Fraga no Ministerio de Información e Turismo.

Temos unha lei vixente, a Lei de Memoria Histórica, ou Lei 52/2007 do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e establécense medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

En cumprimento desa Lei de Memoria Histórica cómpre facer una revisión a fondo para acabar con todo tipo de distincións (rúas, esculturas, símbolos, fillos adoptivos ou predilectos, medallas, etc) a persoas que colaboraron coa ditadura ou ocuparon postos de responsabilidade na mesma.

No seu Artigo 15 sobre os símbolos e monumentos públicos, no seu apartado primeiro:

As Administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. Entre estas medidas poderá incluírse a retirada de subvencións ou axudas públicas.

En cumprimento de dito artigo propónse a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Iniciar o expediente para retirar a distinción de Fillo Adoptivo de Rianxo, concedida na ditadura, a Evaristo Martín Freire. Aprobouse no pleno en sesión extraordinaria de 7 de novembro de 1966.

SEGUNDO

Facer una revisión das rúas, distincións honoríficas, simboloxía en fontes ou lavadoiros, etc de todo o concello para proceder a súa retirada, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 22/04/2021.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a comisión informativa acorda por 6 votos a favor (2 Concelleiro/a do PSOE, 1 concelleiro/a de Rianxo en Común, 3 concelleiros/as do BNG), 3 abstencións (2 concelleiros/as do PP e a concelleira de cidadanos) e 0 votos en contra dos 9 concelleiros/as presentes, dos 9 a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Iniciar o expediente para retirar a distinción de Fillo Adoptivo de Rianxo, concedida na ditadura, a Evaristo Martín Freire. Aprobouse no pleno en sesión extraordinaria de 7 de novembro de 1966.

SEGUNDO

Facer una revisión das rúas, distincións honoríficas, simboloxía en fontes ou lavadoiros, etc de todo o concello para proceder a súa retirada, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e cinco abstencións (dos 4 membros do grupo PP e da concelleira de cidadanos) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

PARTE DE CONTROL

7 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2021 ata o 31/03/2021, que comprenden os números 168/2021 ao 277/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 4 da Sesión extraordinaria do día 11/03/2021
- Acta nº 5 da Sesión extraordinaria do día 25/03/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

8 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE 2012-22 RELATIVO AO 4º TRIMESTRE DE 2020

Dáse lectura da proposta presentada:

Expte.: 2020/X998/000026

De acordo co artigo 10 Real Decreto-lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención de seguimento do Plan de axuste do 4º trimestre de 2020, remitido ao Ministerio de Facenda o 31/01/2021:

Informe trimestral de seguimento do Plan de axuste do artigo 10 da Orde Ministerial do 1 de outubro de 2012. Período: 4º trimestre de 2020

Expte.: 2020/X998/000026

1. NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigacións de información e os procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais

Real Decreto Lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores

- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

2. ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante acordo plenario de data de 30 de marzo de 2012, o Concello de Rianxo aprobou o Plan de Axuste do mecanismo de pago a provedores, de conformidade co regulado no artigo 7 do RD-Lei 4/2012, acorde ao modelo previsto na Orde HAP/537/2012, do 9 de marzo, pola que se aproban o modelo de certificado individual, o modelo para a súa solicitude e o modelo de plan de axuste.

O Ministerio de Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, con data 30 de abril de 2012 emitiu informe favorable a este Plan de Axuste.

O desenvolvemento regulamentario a que se refire o artigo 10 do Real Decreto-lei 7/2012, de marzo, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, que no seu artigo 10, recolle que:

“1. A Administración que conte cun plan de axuste acordado co Ministerio de Facenda e

Administracións Públicas, durante a súa vixencia, deberá remitir ao mencionado Ministerio antes do día quince de cada mes, no caso da Comunidade Autónoma, e antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre no caso da Corporación Local, información sobre, polo menos, os seguintes extremos:

Avais públicos recibidos e operacións ou liñas de crédito contratadas identificando a entidade, total do crédito dispoñible e o crédito disposto.

Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores.

Operacións con derivados.

Calquera outro pasivo continxente.

Análise das desviacións producidas no calendario de execución ou nas medidas do plan de axuste.

2. No caso de que sexa unha Comunidade...

3. As Corporacións Locais deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do día quince de xaneiro de cada ano ou antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre, se se trata de Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o informe sobre a execución do plan de axuste, co seguinte contido mínimo:

Resumo trimestral do estado de execución do orzamento. Se se trata de Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais tamén se incluírá información referida á previsión de liquidación do exercicio, considerando a execución trimestral acumulada.

Execución das medidas de ingresos e gastos previstas no Plan e, no seu caso, das medidas adicionais adoptadas.

Comparación dos detalles informativos anteriores coas previsións contidas no Plan para ese ano e explicación, no seu caso, das desviacións.”

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, liberou a plataforma de captura de datos relativa ao “Informe de seguimento do plan de axuste aprobado e outra información conforme aos apartados 4 e 6 da disposición adicional primeira da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira”, plataforma que estará dispoñible ata o 31 de xaneiro deste ano.

Hai que poñer de manifesto que a contabilidade non está pechada, afectando especialmente os ingresos, polo que os resultados deste informe teñen o carácter de provisionais, debendo contrastarse cos que se deriven da liquidación do exercicio 2020

3. INFORME

3.1 Cuantificación das medidas previstas no Plan de Axuste

3.2.1 Medidas de ingresos

A información para fornecer no seguimento trimestral do Plan de Axuste, de conformidade co regulado no artigo 10 da Orde [HAP/2105/2012](#), do 1 de outubro, é a seguinte, coas explicacións que se indican ao pé de cada cadro:

Descripción medida de ingresos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)				Proyección anual 2020 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias,	766.41	600.17	0.00	0.00	0.00	277.87	277.87	878.04	16.34%
Medida 2: Refuerzo de la eficacia de la recaudación ejecutiva y voluntaria (firma de convenios de colaboración con Estado y/o CCAA)	568.38	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-100.00%
Medida 3: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00%
Medida 4: Correcta financiación de tasas y precios públicos	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00%
Medida 5: Otras medidas por el lado de los ingresos	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00%
AHORRO TOTAL GENERADO POR LAS MEDIDAS relativas a ingresos CORRIENTES	0.00	657.56	0.00	0.00	0.00	277.87	277.87	935.43	0.00%
Ahorro total generado por las medidas relativas a ingresos	1,334.79	600.17	0.00	0.00	0.00	277.87	277.87	878.04	-33.19%

Medida 1. Subidas tributarias, supresión de exencions e bonificacións voluntarias

A continuación preséntanse os datos contabilizados a data de 31/01/2021, con carácter provisional por estar pendente o peche da contabilidade.

As medidas adoptadas en relación ao IBI do exercicio 2020 foron as seguintes:

- Aumento da base liquidable como consecuencia da redución do coeficiente redutor derivado do Relatorio de Valores aprobada en 2012.

Con todo, ponse de manifesto que a contabilidade non está pechada e que, por tanto, quedan ingresos pendentes de imputar presupuestariamente, o que supón que na liquidación os datos poden variar.

As medidas de carácter tributario incluídas no Plan de Axuste sustentábanse principalmente no IBI, que foi o principal motor do incremento dos ingresos correntes e do aforro municipal. No informe de seguimento do cuarto trimestre do 2019 poñíase de manifesto que o aforro derivado das medidas tributarias deixaba a súa tendencia crecente e reducíase con respecto do exercicio anterior,

previsiblemente polas reducións do tipo de gravame do IBI que compensaban o incremento derivado do incremento da base liquidable:

IBI e IVTM MEDIDA 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
DRN previstos Plan ajuste	1,649,399.15	1,667,889.15	1,741,339.15	1,849,589.15	1,958,349.15	2,049,839.15	2,159,819.15	2,159,820.15	2,324,319.15
Medida prev. Plan ajuste	1,649,399.15	18,490.00	91,940.00	200,190.00	308,950.00	400,440.00	491,930.00	583,430.00	674,920.00
Prev. Anual Informe seguim/DRN	1,649,399.15		1,857,378.93	2,035,555.40	2,155,700.40	2,141,686.47	2,084,295.13	2,483,691.41	2,291,062.68
Ahorro anual Informe seguim	0.00	0.00	207,979.78	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	834,292.26	641,663.53
Ahorro anual informado Inf Seg	0.00	0.00	1,336,540.00	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	834,292.26	641,663.53
Proyección anual Informe seguim		0.00	1,336,540.00	-950,383.75	120,145.00	-14,013.93	-57,391.34	399,396.28	-192,628.73
Proyección trimestral				-950,383.75	0.00	-3,232.54	-57,391.34	399,396.28	-192,628.73

No exercicio 2019 non se acordou a redución do tipo de gravame para o ano 2020 e recuperouse a tendencia alcista, tomando o maior valor de dereitos recoñecidos netos do período 2011-2020. Con todo, deberá esperarse aos datos definitivos da liquidación orzamentaria.

IBI e IVTM MEDIDA 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
DRN previstos Plan ajuste	1,649,399.15	1,667,889.15	1,741,339.15	1,849,589.15	1,958,349.15	2,049,839.15	2,159,819.15	2,159,820.15	2,324,319.15	2,415,809.15
Medida prev. Plan ajuste	1,649,399.15	18,490.00	91,940.00	200,190.00	308,950.00	400,440.00	491,930.00	583,430.00	674,920.00	766,410.00
Prev. Anual Informe seguim/DRN	1,649,399.15		1,857,378.93	2,035,555.40	2,155,700.40	2,141,686.47	2,084,295.13	2,442,185.83	2,291,062.68	2,527,426.24
Ahorro anual Informe seguim	0.00	0.00	207,979.78	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	792,786.68	641,663.53	878,027.09
Ahorro anual informado Inf Seg	0.00	0.00	1,336,540.00	386,156.25	506,301.25	492,287.32	434,895.98	792,786.68	641,663.53	878,027.09
Proyección anual Informe seguim		0.00	1,336,540.00	-950,383.75	120,145.00	-14,013.93	-57,391.34	357,890.70	-151,123.15	277,869.16
Proyección trimestral				-950,383.75	0.00	-3,053.61	-57,391.34	357,890.70	-151,123.15	277,869.16

Medida 2. Reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (firma de convenios de colaboración co Estado e/ou CCAA)

Non se coñece ningunha medida respecto diso.

Ingresos correntes

Os datos provisionais da contabilidade lanzan unha redución do 19,77 por cento dos ingresos correntes con respecto do Plan de Axuste para 2020. Os ingresos non financeiros tamén se incrementan nun 26,53 por cento, por efecto do incremento dos ingresos correntes. Haberá que esperar aos resultados da liquidación orzamentaria, xa que quedan dereitos recoñecidos pendentes de contabilización.

Informe trimestral de seguimiento de ingresos del Ejercicio: 2020

En miles de euros

La obligación de remisión sólo afecta al cuarto trimestre (en términos acumulados) al ser de periodicidad anual el envío del informe sobre la ejecución del plan de ajuste.

Ingresos	Data de liquidación ejercicio 2019	Dato del plan de ajuste	Ejecución trimestral realizada de derechos reconocidos netos (datos acumulados)				Proyección anual 2020 estimada (**)	Desviación de la estimación anual si plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre		
Ingresos corrientes:	7.835,45	6.784,71	0,00	0,00	0,00	8.126,41	8.126,41	-19,77 %
Ingresos de capital:	668,50	119,70	0,00	0,00	0,00	609,75	609,75	49,39 %
Ingresos no financieros:	8.501,95	6.904,41	0,00	0,00	0,00	8.736,16	8.736,16	26,53 %
Ingresos financieros:	1.644,04	0,00	0,00	0,00	0,00	120,51	120,51	0,00 %
Ingresos Totales:	10.148,00	6.904,41	0,00	0,00	0,00	8.856,67	8.856,67	26,28 %
Ingresos generados derivados de las medidas de ajuste en relación al año fiscal		1.334,79	600,17	600,17	889,99	878,04	878,04	-34,22 %
Ingresos generados derivados del propio ejercicio de la actividad económica		5.569,62	0,00	0,00	0,00	7.978,63	7.978,63	43,25 %

(**) Debería realizarse a partir de la ejecución realizada y la estimación de los efectos de las medidas del plan de ajuste.

Ajustes en Ingresos propuestos en el plan

Ver ejemplo (Nota 1)

En miles de euros.

Conforme al artículo 10 de la Orden HAP/2105/2012, el análisis de las desviaciones producidas en el calendario de ejecución o en las medidas del plan de ajuste deberá remitirse con periodicidad trimestral.

3.2.2 Medidas de gastos

Descripción medida de gastos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)				Proyección anual 2020 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			
Ahorro en capítulo 1 (medidas 1,2,3,4,5 y 6)	322.44	283.29	0.00	0.00	0.00	0.00	283.29	-12.14%	
Ahorro en capítulo 2 (medidas 7,9,10,12,13,14 y 15)	87.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	-100.00%	

Descripción medida de gastos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)						Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre	Proyección anual 2020 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	
Ahorro en capítulo 4 (medida 8)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	
Ahorro en capítulo 6 (medida 11)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	
Ahorro en otras medidas de gasto (medida 16)	52.06	-168.63	0.00	0.00	0.00	76.81	76.81	-91.82	-128.83%
De ellas (medida 16) otras medidas de gasto corriente		0.00					76.81		
De ellas (medida 16) otras medidas de gasto no corriente									
AHORRO TOTAL GENERADO POR LAS MEDIDAS relativas a gastos CORRIENTES	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	76.81	76.81		
Ahorro total generado por las medidas relativas a gastos	461.50	114.66	0.00	0.00	0.00	76.81	76.81	191.47	-58.51%

Medida 1. Redución de custos de persoal (redución de soldos ou efectivos)

Nos informes de seguimento do 2014 fíxose constar en canto á cuantificación desta medida as seguintes limitacións atopadas:

“Nos anteriores informes de seguimento anuais consignouse un importe de aforro anual para o que non se presenta o detalle do seu cálculo. A esta dificultade engádeselle que o montante de obrigacións recoñecidas do capítulo 1 non serve como referencia, xa que habería que eliminar o gasto subvencionado. Así, óptase por calcular o aforro anual do 2014 con respecto do 2013, co que o aforro acumulado desde o 2011 determínase sumando aquela cantidade ao dato consignado no informe de seguimento do ano anterior (2013).

No ano 2013, aprobouse a amortización de dúas prazas de persoal laboral, prazas que non se incluíron no anexo de persoal do ano 2014. Aínda que o orzamento do exercicio corrente entrou en vigor o 10/10/2014, as súas previsións xa nos serven para estimar as obrigacións recoñecidas netas, pois a 30/09/2014 a aprobación xa fora elevada a definitiva.

Núm. PEEPR	Plaza	Programa de gasto
07	Oficial conductor 1ª	453
15	Operario/a limpeza	231

Para calcular o aforro 2014-13 aplícase a seguinte metodoloxía:

1. Cálculo do gasto realizado en 2013 por esas prazas, xa que foron amortizadas despois de quedar vacantes, o que se produciu no curso do exercicio.

Isto determínase a partir da aplicación informática de nóminas o gasto realizado para os traballadores que ocupaban ditas prazas (códigos de emprego núm. 6360 e 2740, respectivamente).

2. Cálculo de que parte de crédito asignado ás devanditas prazas transferiuse a outras aplicacións orzamentarias de persoal.

De ser así, aínda que os traballadores afectados pola amortización das prazas non xerasen gasto, si habería un maior gasto derivado da utilización dese aforro.

3. Cálculo do gasto realizado en 2014 por estas prazas.

Dado que no ano 2014 non se consignou crédito nesas prazas, xa que foron amortizadas, o gasto é, necesariamente, cero."

Rafaela Alcalde Varela
(cód: 2740 y prog.231)

PEEPR núm. 15											
	ORN 2013	CI 2014	Aforro 2014-13	CI 2015	Aforro 2015-14	CI 2016	Aforro 2016-15	CI 2017	Aforro 2017-16	CI 2018	Aforro 2018-17
Custos retributivos	12.518,78	0,00	12.518,78	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SS	1.318,96	0,00	1.318,96	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Retribución transferidas a outro persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	13.837,74	0,00	13.837,74	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

José Mª Rial Rguz (cód:
6360 y prog. 453)

PEEPR núm. 07											
	ORN 2013	CI 2014	Aforro 2014-13	CI 2015	Aforro 2015-14	CI 2016	Aforro 2016-15	CI 2017	Aforro 2017-16	CI 2018	Aforro 2018-17
Custos retributivos	5.054,56	0,00	5.054,56	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SS	1.837,25	0,00	1.837,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Retribu transferidas a outro persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	6.891,81	0,00	6.891,81	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Gastos de persoal Medida 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Gasto previsto/realizado Plan Ajuste	2.451.208,00	2.188.808,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00
Ahorro previsto Plan Ajuste		262.400,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00
Variación ahorro anual Plan Ajuste		262.400,00	60.040,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ahorro anual informado Inf Seg	0,00	262.560,00	262.560,00	283.289,55	283.289,55	283.289,55	283.289,55	283.290,55
Proyección anual Informe seguim		262.560,00	0,00	20.729,55	0,00	0,00	0,00	0,00
Proyección trimestral				20.729,55	0,00	0,00	0,00	0,00

Medida 10. Redución de contratos menores

A data de hoxe tense coñecemento da preparación de varias licitacións relativas a servizos con importancia económica importante, pero que non chegaron á fase de aprobación do expediente. Por tanto, non se establece ningunha previsión, por agora.

Medida 11. Non execución de investimento previsto inicialmente

Non se ten coñecemento deste tipo de medidas.

Medida 16. Outras medidas polo lado dos gastos

Esta medida, de carácter xenérico, que consiste na redución do capítulo 4 de gastos, pódese avaliar tendo en conta, unicamente, previsións definitivas do capítulo 4, aínda que se trata do orzamento prorrogado. Así, levouse a cabo unha comparativa entre os datos da contabilidade dos exercicios pechados e os datos dos informes de seguimento. A continuación móstrase este proceso:

Transferencias Medida 16	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Gasto previsto/realizado	101,158.44	73,779.03	115,740.66	145,956.94	102,249.32	115,773.95	135,107.16	263,182.43	277,895.10	192,986.13
Medida prev. Plan ajuste	0.00	40,000.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00	52,060.00

Transferencias Medida 16	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Prev. Anual Informe seguim/DRN	0.00	40,000.00	0.00	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44	49,098.44
Ahorro anual Informe seguim	0.00	27,379.41	-14,582.22	-44,798.50	-1,090.88	-14,615.51	-33,948.72	-162,023.99	-176,736.66	-91,827.69
Ahorro anual informado Inf Seg	0.00	40,000.00	40,000.00	-44,798.50	-1,090.88	-14,615.51	-33,948.72	-162,023.99	-176,736.66	-91,827.69
Proyección anual Informe seguim		40,000.00	0.00	-84,798.50	43,707.62	-13,524.63	-19,333.21	-128,075.27	-14,712.67	76,808.97
Proyección trimestral				-84,798.50	0.00	-13,524.63	-19,333.21	-128,075.27	-14,712.67	76,808.97

Desde o exercicio 2011 realmente non se produciu unha redución de transferencias e subvencións en termos acumulados ata o exercicio 2020.

Gastos correntes

Con respecto ao comportamento dos gastos correntes, produciuse un incremento moi relevante dos gastos con respecto das previsións do Plan de Axuste para o exercicio 2020, xa que dita desviación é do 45,97 por cento. Trátase dun comportamento do que vén advertindo no últimos exercicio. Ademais trátase dunha desviación máis marcada que nos ingresos correntes, o que provocará un peor dato do aforo neto.

No resto de categorías de gasto prodúcese o mesmo comportamento: importante desviación con respecto da previsión do Plan de Axuste.

Informe trimestral de seguimiento de gastos del Ejercicio: 2020

En miles de euros.

La obligación de remisión sólo afecta al cuarto trimestre (en términos acumulados) al ser de periodicidad anual el envío del informe sobre la ejecución del plan de ajuste.

Gastos	Data de liquidación ejercicio 2019	Data del plan de ajuste	Ejecución trimestral realizada obligaciones reconocidas netas (acumulada)				Proyección anual 2020 estimada	Desviación de la estimación anual (plan de ajuste)
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre		
Gastos corrientes:	7.368,88	4.893,93	0,00	0,00	0,00	7.143,95	7.143,95	45,97 %
Gastos de capital:	3.103,95	126,00	0,00	0,00	0,00	766,56	766,56	500,38 %
Gastos no financieros:	10.472,82	5.019,93	0,00	0,00	0,00	7.910,51	7.910,51	57,58 %
Gastos operaciones financieras:	4,89	177,79	0,00	0,00	0,00	117,51	117,51	-33,00 %
Gastos Totales (1):	10.477,71	5.197,72	0,00	0,00	0,00	8.028,02	8.028,02	54,45 %
Gastos generados derivados de las medidas de ajuste (2):		-491,50	-114,66	-114,66	-114,66	-191,47	-191,47	-58,51 %
Gastos generados derivados del propio ejercicio de la actividad económica(3)=(1)-(2):		5.689,22	0,00	0,00	0,00	8.219,49	8.219,49	54,45 %
Saldo obligaciones pendientes de aplicar al ppto al final de cada trimestre	972,76	0,00				642,74	642,74	0,00 %
Periodo medio de pago a proveedores (en días)		0,00				59,56	59,56	0,00 %
Gasto corriente financiado con remanente de tesorería (afectado y/o gastos generados):						131,57	131,57	

Ajustes en Gastos propuestos en el plan

En miles de euros.

20200131 Informe se...
 Abrir archivo

3.2.3 Magnitudes orzamentarias e endebedamento

Cantidades en miles de euros	Dato del plan de ajuste	Deuda viva a 31/12/2020	Desviación de la estimación anual/plan de ajuste
Deuda viva	186,68	3.019,50	1.517,47%
A corto plazo (operaciones de tesorería)	0,00	0,00	0,00
A largo plazo	186,68	3.019,50	1.517,47%
Nueva operación de endeudamiento	0,00	205,82	0,00%
Operación de endeudamiento FF.PP.	186,68	0,00	-100,00%
Resto de operaciones endeudamiento a largo plazo	0,00	2.813,68	0,00%

O máis destacable deste apartado é o tipo de endebedamento municipal. Así, se no Plan de Axuste estimábase que a única débeda financeira que tería o concello sería a do pago a provedores co Fondo para o Financiamento do Pago a Provedores (FFPP), a realidade é outra. A débeda co devandito organismo é nula e asumíuse nova débeda financeira, tanto con entidades financeiras como con Administracións Públicas, como é o caso da Deputación. Esta entidade está a ofrecer nos seus plans anuais de obras e servizos préstamos a longo prazo para amortizar anticipadamente débeda bancaria ou para acometer investimentos.

Con todo, os maiores ingresos correntes permiten que o aforro neto mantéñase positivo, aínda que con peores previsións que en Plan debido ás desviacións dos gastos correntes:

Descripción	Plan de ajuste	2020	Variación
Ahorro bruto	1.890,78	982,46	-48,03%
Ahorro neto	1.712,99	982,46	-42,64%
Ahorro neto después de aplicar el remanente de t ^a		1.114,03	0,00%
Saldo de operaciones no financieras	1.884,48	825,65	-56,18%
Ajustes SEC	-401,57	-385,84	-3,91%
Capacidad/necesidad de financiación	1.482,91	439,81	-70,34%

3.2.4 Avance do remanente de tesourería

O dato do remanente de tesourería prevese positivo:

Cantidades en miles de euros	Datos del Plan de ajuste	Avance	Desviación (%)
Remanente de t ^a gastos generales	2.459,16	798,90	-67,51%
Exceso de financiación		356,32	

Cantidades en miles de euros	Datos del Plan de ajuste	Avance	Desviación (%)
afectada			
SalDOS de dudoso cobro	231,51	1.496,75	546,51%

3.3 Información de avais recibidos do sector público

Non consta que se recibiron

3.4 Información sobre operacións ou liñas de crédito contratadas e contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pago a provedores

Actualizouse a [CIR](#) local certificando a débeda viva a 31/12/2020.

3.5 Informe trimestral de seguimento de débeda comercial

(En miles de €)	Antigüedad (fecha de recepción de facturas)							Total
	2020				2019	2018	Ejercicios anteriores	
Obligaciones reconocidas pendientes de pago clasificadas por antigüedad	1T	2T	3T	4T				
Capítulo 2	15.95	19.96	56.18	226.93	60.29	0.25	20.66	400.22
Capítulo 6	0.00		0.00	24.72	0.12			24.84
Otra deuda comercial	0.00		0.00					0.00
Total	15.95	19.96	56.18	251.65	60.41	0.25	20.66	425.06

Tamén pregunta o formulario da plataforma polo cumprimento da obrigaón de remisión dos informes da lei contra a morosidade a través da mesma. A resposta foi negativa, debido á falta de remisión dos informes de morosidade.

3.6 Información sobre operacións con derivados e outro pasivo continxente

Non se consignou ningún.

3.7 Prazo previsto de finalización do plan de axuste.

Unha vez cancelados os préstamos vinculados ao Plan de Axuste co FFPP, queda o cumprimento dos requisitos do artigo 3.4 RD-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia:

- Estabilidade orzamentaria
- Regra de gasto
- Período medio de pagamento

Non se estima o cumprimento de ningún obxectivo, polo que se mantén a vixencia do Plan de Axuste.

3.8 Publicidade do informe de seguimento

Segundo o art. 10 RD-lei 7/2012, este informe deberá elevarse a Pleno para a súa dación de conta.

Os datos contidos no mesmo, e o propio informe explicativo en formado *pdf*, deben volcarse na plataforma telemática de captura de datos habilitada ao efecto, e ser asinada pola Intervención a remisión, finalizando o prazo o 31 de xaneiro de 2021.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

9 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2022-24

Dáse conta da proposta presentada:

Expte.: 2021/X999/000374

Dáselle conta ao Pleno da Resolución núm. 209, do 15/03/2021, pola que se aprobou o Plan Orzamentario a Medio Prazo 2022-24:

A Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Actualmente non se dispón do borrador do orzamento de 2021, pero si dunha previsión de

ingresos pola Tesourería Municipal e duns criterios xerais ou tendencias a día de hoxe para a evolución dos orzamentos, que servirán de base para a confección deste documento.

1. INGRESOS

Os ingresos correntes parten, fundamentalmente, do informe de Tesourería para as previsións do Orzamento de 2021.

En canto á evolución no trienio seguinte, hai que ter en conta o actual contexto de incertidume en canto aos efectos na economía da crise sanitaria, polo que estas estimacións estarán suxeitas aos posibles cambios de escenario que se poidan producir nos exercicios seguintes. O principal criterio utilizado é de prudencia no incremento dos ingresos, tanto nos propios como nos derivados de subvencións doutras Administracións, para os que non se prevén incrementos substanciais.

1.1 IBI

No 2012 aprobouse unha Ponencia de valores que, anualmente, foi elevando a base liquidable dos padróns do imposto. O último exercicio no que se producirán estes efectos será o 2022. As previsións da evolución do Ibi son as seguintes:

	PADRÓN 2020	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2021 PREVISTO	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2022 PREVISTO	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2023 PREVISTO	VARIACIÓN PREVISTA	PADRÓN 2024 PREVISTO
IBI URBANA	1.628.244,38	1,48%	1.652.405,63	1,46%	1.676.566,88	1,00%	1.693.332,55	1,00%	1.710.265,87
IBI RÚSTICA	383.775,93	3,48%	397.146,17	3,37%	410.516,41	1,00%	414.621,57	1,00%	418.767,79
IBI CARACTERÍSTICAS E.	9.983,67	0,00%	9.983,67	0,00%	9.983,67	0,00%	9.983,67	0,00%	9.983,67
TOTAL IBI	2.022.003,98	1,86%	2.059.535,47	1,82%	2.097.066,96	1,00%	2.117.937,79	1,00%	2.139.017,33
IBI TENDENCIAL			2.042.124,18	1,86%	2.080.030,99	1,82%	2.117.937,79	1,00%	2.139.017,33
IBI POLÍTICAS			17.411,29	-2,16%	17.035,97	-100,00%	0,00		0,00

1.2 Resto de impostos, taxas, prezos públicos e outros ingresos

Aínda que é intención retomar coa actualización anual das cotas tributarias dos principais impostos e taxas, por prudencia non se reflectiu neste documento un gran incremento. Prevese unha porcentaxe de incremento no IVTM e no conxunto de taxas e prezos públicos. Manteuse o criterio de prudencia á hora de estimar a evolución de impostos como a *plusvalía* (IIVTNU), xa que

prevense os efectos do contrato de colaboración na xestión tributaria.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Cap 1 y 2: Impuestos directos e indirectos	2.816.676,15	-0,47%	2.803.403,59	0,94%	2.829.824,42	0,94%	2.856.509,46
Ibi	2.059.535,47	1,82%	2.097.066,96	1,00%	2.117.937,79	1,00%	2.139.017,33
Iae	76.336,63	0,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63	0,00%	76.336,63
Ivbm	555.000,00	0,00%	555.000,00	1,00%	560.550,00	1,00%	566.155,50
Ivtnu	60.000,00	-75,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00	0,00%	15.000,00
Icío	65.804,05	-8,82%	60.000,00	0,00%	60.000,00	0,00%	60.000,00
Cesión impostos estado					0,00		
Ingresos cap 1 y 2 non incluídos anter.					0,00		
Cap 3. taxas, precios pº y otros	1.404.164,70	1,00%	1.418.206,35	2,00%	1.446.570,47	2,00%	1.475.501,88

1.3 Transferencias e subvencións correntes

Seguindo o criterio da prudencia contable, non se estimaron incrementos nas subvencións finalistas.

A) Detalle de ingresos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Cap 4. Transferencias crr	3.279.688,87	-3,59%	3.161.823,10	0,37%	3.173.448,16	0,74%	3.196.814,53
PTE	2.313.445,05	0,50%	2.325.012,28	0,50%	2.336.637,34	1,00%	2.360.003,71
Resto cap 4	966.243,82	-13,40%	836.810,82	0,00%	836.810,82	0,00%	836.810,82

1.4 Transferencias de capital

Seguiose un criterio análogo ao das subvencións correntes.

A) Detalle de ingresos de capital	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 6. Enajenación de inversiones	0,00		0,00		0,00		0,00
Capítulo 7.	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00

A) Detalle de ingresos de capital	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Transferencias de capital							
Total de ingresos de capital	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00

1.5 Ingresos financeiros

No caso dos ingresos financeiros tomouse en consideración a contía concedida no POS+2021 de 56.575 €, inferior á concedida en exercicios anteriores (aproximadamente de 200.000 €), polo que as achegas seguintes estimáronse en 55.000 €.

A) Detalle de ingresos financeiros	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00	0,00%	10.000,00
Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros	56.575,00		55.000,00		55.000,00		55.000,00
Total de ingresos financeiros	66.575,00	-2,37%	65.000,00	0,00%	65.000,00	0,00%	65.000,00

1.6 Resumo

Ingresos	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Ingresos corrientes	7.500.629,72	-1,56%	7.383.533,03	0,90%	7.449.943,05	1,06%	7.528.925,88
Derivados de evolución tendencial	7.308.785,43	0,79%	7.366.497,06	1,13%	7.449.943,05	1,06%	7.528.925,88
Derivados de modificaciones de políticas	191.844,29	-91,12%	17.035,97	-100,00%	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias	17.411,29		17.035,97		0,00		0,00
Medida 2: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados	45.000,00						
Medida 3: Correcta financiación de tasas y precios públicos							

Ingresos	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Medida : Otras medidas por el lado de los ingresos	129.433,00						
Ingresos de capital	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de evolución tendencial	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00	0,00%	400.000,00
Derivados de modificaciones de políticas							
Ingresos no financieros	7.900.629,72	-1,48%	7.783.533,03	0,85%	7.849.943,05	1,01%	7.928.925,88
Derivados de evolución tendencial	7.708.785,43	0,75%	7.766.497,06	1,07%	7.849.943,05	1,01%	7.928.925,88
Derivados de modificaciones de políticas	191.844,29	-91,12%	17.035,97	-100,00%	0,00	0,00%	0,00
Ingresos financieros	66.575,00	-2,37%	65.000,00	0,00%	65.000,00	0,00%	65.000,00
Derivados de evolución tendencial	66.575,00	-2,37%	65.000,00	0,00%	65.000,00	0,00%	65.000,00
Derivados de modificaciones de políticas							
Ingresos totales	7.967.204,72	-1,49%	7.848.533,03	0,85%	7.914.943,05	1,00%	7.993.925,88
Derivados de evolución tendencial	7.775.360,43	0,72%	7.831.497,06	1,07%	7.914.943,05	1,00%	7.993.925,88
Derivados de modificaciones de políticas	191.844,29	-91,12%	17.035,97	-100,00%	0,00	0,00%	0,00

2. GASTOS

En canto á evolución dos gastos, seguíronse os seguintes criterios:

2.1 Gastos de persoal

No caso dos gastos de persoal, tendo en conta que estanse a aprobar ofertas de emprego público e que estase a traballar na relación de postos de traballo tomouse unha porcentaxe de incremento anual de 12.500 € (50.000 € repartidos en 4 anos a partir de 2022):

A) Detalle de gastos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 1. Gastos de persoal	3.502.000,00	1,36%	3.549.520,00	1,35%	3.597.515,20	1,35%	3.645.990,35

2.2 Gastos en bens correntes e servizos

O incremento deste capítulo de gasto fixouse nunha porcentaxe do 1 por 100, debido á necesidade de conter o gasto corrente, co fin de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e mellorar o período medio de pago a provedores.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 2. Gastos correntes en bienes y servicios	3.225.000,00	1,00%	3.257.250,00	1,00%	3.289.822,50	1,00%	3.322.720,73

2.3 Gastos financeiros e amortización de préstamos

Os gastos financeiros son, fundamentalmente, os xuros dos préstamos, polo que as estimacións calculáronse en base ás previsión deste tipo de gastos, incrementándoa por posibles gastos financeiros que non responden a xuros de débeda financeira.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 3. Gastos financeiros	18.000,00	11,11%	20.000,00	0,00%	20.000,00	0,00%	20.000,00

A) Detalle de gastos financeiros	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 9. Gastos por pasivos financeiros	220.518,00	61,40%	355.912,79	16,28%	413.857,80	-2,66%	402.857,80

A amortización prevista é a seguinte:

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Ingreso	Capital pendiente 31/12/2020	Amortización total	Capital pendiente 31/12/2021	Amortización ordinaria+extraordinaria 2022	Amortización ordinaria+extraordinaria 2023	Amortización ordinaria+extraordinaria 2024
PAI 2015	Deputación Provincial	2023-32	0,00	204.423,20	0,00	204.423,20		20.442,32	20.442,32
PAI 2016	Deputación Provincial	2022-31	0,00	222.852,95	0,00	222.852,95	22.285,30	22.285,30	22.285,30
POS 2017	Deputación Provincial	2023-32	0,00	223.040,21	0,00	223.040,21		22.304,02	22.304,02
POS 2018	Deputación Provincial	2022-31	0,00	242.790,30	0,00	242.790,30	24.279,03	24.279,03	24.279,03
POS 2019	Deputación Provincial	2023-32	0,00	187.078,56	0,00	187.078,56		18.707,86	18.707,86
POS 2020	Deputación Provincial	2022-31	0,00	205.817,02	0,00	205.817,02	20.581,70	20.581,70	20.581,70

Préstamo	Entidade	Prazo de amortización	Ingreso	Capital pendiente 31/12/2020	Amortización total	Capital pendiente 31/12/2021	Amortización ordinaria+extraordinaria 2022	Amortización ordinaria+extraordinaria 2023	Amortización ordinaria+extraordinaria 2024
POS 2021	Deputación Provincial	2023-32	56.574,89	0,00	0,00	56.574,89		5.657,49	5.657,49
Préstamo para a adquisición do Pazo de Rianxiño	Banco Sabadell	30/06/2021-31/03/2029	0,00	1.482.487,04	195.558,05	1.286.928,99	238.847,00	229.680,33	218.680,33
Préstamo para a actuación de Renovación de luminarias (LED)	Banco Sabadell	05/09/2021-30/06/2025	0,00	199.679,04	24.959,88	174.719,16	49.919,76	49.919,76	49.919,76
Total			56.574,89	2.968.168,32	220.517,93	2.804.225,28	355.912,79	413.857,80	402.857,80

Débeda viva 31/12/2021	2.804.225,28
Débeda viva 31/12/2022	2.448.312,49
Débeda viva 31/12/2023	2.034.454,69
Débeda viva 31/12/2024	1.631.596,88

2.4 Transferencias correntes

Prevese un mantemento do importe deste capítulo. O maior importe en 2021 débese á concesión das axudas cofinanciadas pola subvención do PEL Reactiva e que ascenden a 161.792 €.

A) Detalle de gastos correntes	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 4. Transferencias corrientes	416.792,00	-38,82%	255.000,00	0,00%	255.000,00	0,00%	255.000,00

2.5 Inversións reais

Os importes dos investimentos reais calculáronse tomando como base un esforzo investidor do concello de 200.000 € para todos os exercicios, xunto coas transferencias de capital previstas de 400.000 €.

A) Detalle de gastos de capital	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Capítulo 6. Inversións reais	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00		0,00
Total de gastos de capital	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00

2.6 Resumo

Gastos	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Gastos corr	7.161.792,00	-1,12%	7.081.770,00	1,14%	7.162.337,70	1,14%	7.243.711,08
Derivados de evolución tendencial	7.000.000,00	0,99%	7.069.270,00	1,14%	7.149.837,70	1,14%	7.231.211,08
Derivados de modificaciones políticas	161.792,00		12.500,00		12.500,00		12.500,00
Medida 1: Reducción de costes de personal							
Medida 2: Regulación del régimen laboral y retrib			12.500,00		12.500,00		12.500,00
Medida 3: Limitación de salarios en los contratos							
Medida 4: Reducción del nº consejeros							
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias							
Medida 6: Reducción del personal de confianza							
Medida 7: Contratos a internalizar							
Medida 8: Disolución de empresas pdas.							
Mdida 9: Estudios de viabilidad en inv							
Medida 10: Reducción de ctos menores							
Medida 11: Reducción de cargas admtvas							
Medida 12: Reorganización							
Medida 13: Reducción estructura organiz							
Medida 14: Reducción servicios oblig							
Medida 15: Otras	161.792,00						
Gastos de capital	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00
Derivados de evolución tendencial	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00	0,00%	600.000,00
Derivados de modificaciones políticas							
Medida 16: No ejecución inversión							
Medida 17: Otras							

Gastos	Año 2021 (€)	% taxa variación 2022/21	Año 2022 (€)	% taxa variación 2023/22	Año 2023 (€)	% taxa variación 2024/23	Año 2024 (€)
Gastos no financeiros	7.761.792,00	-1,03%	7.681.770,00	1,05%	7.762.337,70	1,05%	7.843.711,08
Derivados de la evolución tendencial	7.600.000,00	0,91%	7.669.270,00	1,05%	7.749.837,70	1,05%	7.831.211,08
Derivados de modificaciones políticas	161.792,00		12.500,00		12.500,00		12.500,00
Gastos financeiros	230.518,00	58,74%	365.912,79	15,84%	423.857,80	-2,60%	412.857,80
Derivados de evolución tendencial	175.518,00	77,14%	310.912,79	18,64%	368.857,80	-2,98%	357.857,80
Derivados de modificaciones políticas	55.000,00		55.000,00		55.000,00		55.000,00
Gstos totales	7.992.310,00	0,69%	8.047.682,79	1,72%	8.186.195,50	0,86%	8.256.568,88
Derivados de evolución tendencial	7.775.518,00	2,63%	7.980.182,79	1,74%	8.118.695,50	0,87%	8.189.068,88
Derivados de modificaciones políticas	216.792,00		67.500,00		67.500,00		67.500,00

3. ENDEBEDAMENTO E OUTROS

Os datos de endebedamento previstos a 31 de decembro de cada un dos exercicios do período 2021-24 son:

Débeda viva 31/12/2021	2.804.225,28
Débeda viva 31/12/2022	2.448.312,49
Débeda viva 31/12/2023	2.034.454,69
Débeda viva 31/12/2024	1.631.596,88

Os axustes SEC cuantificáronse en -50.000 € en todos os exercicios do período. Este importe é substancialmente inferior ao previsto nas liñas fundamentais do orzamento 2021-23 (-240.000 €) e débese á previsión dunha redución progresiva do saldo acreedor da conta (413), que recolle as obrigas pendentes de imputación orzamentaria e que están dando lugar a axustes negativos importantes na necesidade de financiamento.

De todo o anterior, resulta que o concello cumpriría en todos os exercicios o obxectivo de estabilidade orzamentaria:

Ano	Saldo de operacións non financeiras	Axustes SEC	Capacidade de financiamento
2021	138.837,72	-50.000,00	88.837,72

Ano	Saldo de operacións non financeiras	Axustes SEC	Capacidade de financiamento
2022	101.763,03	-50.000,00	51.763,03
2023	87.605,35	-50.000,00	37.605,35
2024	85.214,80	-50.000,00	35.214,80

4. PASIVOS CONTINXENTES

Non se contemplan.

En virtude da competencia atribuída a esta Alcaldía, de acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar o plan orzamentario a medio prazo 2022-24. cos datos indicados nos antecedentes.

SEGUNDO

Remitirille ao Ministerio de Facenda e por parte da Intervención Municipal a dita información a través da aplicación de captura da Oficina Virtual coas Entidades Locais.

TERCEIRO

Darlle conta ao Pleno deste acordo na próxima sesión que se celebre.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

10 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: APOIO Á IMPLANTACIÓN DE NOVAS EMPRESAS NO NOSO MUNICIPIO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a APOIO Á IMPLANTACIÓN DE NOVAS EMPRESAS NO NOSO MUNICIPIO, sen ditame previo da Comisión Informativa.


Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente proposta ten por obxecto fomentar a instalación de novas actividades empresariais de tipo comercial e hostaleiro no termo municipal de Rianxo, coa finalidade última de incentivar a apertura de novos establecementos que xeren actividade económica e contribuír así a revitalizar a, outrora, importante densidade comercial e converter ao Concello de Rianxo nun punto de atracción para residente e visitantes.

Evolución do número de empresas en Rianxo



Segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, dende o ano 2012 Rianxo perdeu un total de 34 empresa e é o único municipio da comarca do Barbanza que ten hoxe un número de empresas inferior ao que tiña fai 8 anos – os demais concellos da comarca viron incrementado o número de empresas localizadas no seu termo municipal. Ademais, en comparación cos municipio de Ribeira, Boiro e a Pobra do Caramiñal, Rianxo é o municipio que ten a día de hoxe un menor número de empresas.

No relativo ao sector do comercio e da hostalaría, un dos que máis vén sufrindo esta tendencia, dende o 2012 desapareceron 63 empresas, é dicir, algo máis do 20% do total das empresas destes sectores que existían no noso municipio fai 8 anos.

Se ben aínda é cedo para avaliar o efecto que a crise provocada pola pandemia da Covid-19 tivo, e está tendo, na pequena e mediana economía do noso municipio, a ninguén se lle escapa que aqueles sectores que máis viñan sufrindo unha tendencia negativa son tamén os que máis sufriron as consecuencias das diversas restricións que se impuxeron no último ano co obxectivo

de evitar os contaxios.

Dende o punto de vista de Rianxo en Común, como xa o defendemos en reiteradas ocasións, debemos actuar de maneira urxente e contundente diante das consecuencias derivadas da crise provocada pola Covid-19 – con ese obxectivo propuxemos a creación dunha liña de axudas directas para os sectores máis afectados pola dita crise -, mais debemos tamén impulsar e reactivar a actividade económica de tipo comercial, hostaleira e de servizos no temo municipal de Rianxo. Neste senso, nos últimos meses propuxemos diferentes medidas como por exemplo a posta en funcionamento dunha campaña de bonos para fomentar o consumo nos comercios rianxeiros, ou a creación dun “premio” ao emprendemento para apoiar aqueles proxectos empresariais que tiveran Rianxo como o seu marco de actuación.

Con ese mesmo obxectivo elaboramos a presente proposta, a cal se centra, de maneira xenérica, en fomentar a posta en alugueiro, a prezos competitivos, aqueles baixos comerciais situados no noso municipio e que a día de hoxe se atopan en desuso, e en apoiar aos comerciantes e hostaleiros que se asentan no noso municipio co pago dos seus locais.

Para iso, por un lado, propoñemos a creación dunha bolsa pública de baixos baleiros de tal xeito que o Concello xestione o aluguer dos locais incluídos na mesma a prezos adsequibles mediante a difusión dos mesmos entre as persoas potencialmente interesadas en darlle uso. Así, os propietarios dos baixos baleiros que se incluírán voluntariamente na dita bolsa recibirían bonificacións nas taxas e impostos municipais.

Por outro lado, propoñemos a creación dunha liña anual de axudas para apoiar a aquelas persoas que boten a andar un negocio comercial ou de hostalaría no noso municipio. As axudas consistirían no 50% do custo mensual do alugueiro do local onde vai a desenvolverse a actividade empresarial, durante os 6 primeiros meses de implantación do negocio.

Trátase dunha proposta con dúas liñas de actuación que busca protexer o interese da veciñanza de Rianxo dándolle soporte aos autónomos e pequenas empresas que aquí se afinquen co obxectivo de minimizar o impacto da crise económica provocada pola Covid-19 e coa finalidade de que, unha vez que esta dramática situación finalice, se produza canto antes unha reactivación da nosa pequena e mediana economía, actuado directamente sobre os sectores e persoas físicas e xurídicas que lle dan forma.

Xa que logo, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Creación dunha bolsa pública de baixos comerciais en desuso co obxectivo de xestionar o seu alugueiro por parte de terceiros a prezos económicos e viables.
2. Estudar a aplicación dunha política fiscal que favoreza a aqueles propietarios de baixos comerciais que deciden incorporalos á dita bolsa para que poidan ser posto en aluguer a prezos reducidos.

3. Convocar a Comisión de Comercio coa finalidade de estudar a creación dunha liña de axudas ao aluguer como a que se esboza na exposición de motivos coa finalidade de reservar unha partida do Orzamento do 2021 para a súa implantación.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate e sometida a votación a moción, **NON QUEDA APROBADA** con 8 votos en contra (5 dos membros do grupo BNG e 3 do grupo PSOE) 7 votos a favor (2 dos membros do grupo Rianxo en Común, 4 dos membros do grupo PP e 1 voto da concelleira de Ciudadanos), e 0 abstencións , dos 15 concelleiros/as presentes, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

11 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No noso ordenamento xurídico o ensino básico é obrigatorio e gratuíto, segundo se recolle no artigo 27.4 da constitución ou 4.1 da LOMLOE entre outros. Este dereito en termos xerais está garantido, poren as familias deben facer fronte, total ou parcialmente, á adquisición de libros, e tamén de outro material escolar.

Estas cantidades supoñen nos casos das familias con menos ingresos porcentaxes relevantes da renda dispoñible. É polo anterior, e co obxectivo de que non se vexa menoscabada a igualdade de oportunidades na educación básica, que o concello convoca anualmente unha liña de axudas para a adquisición deste material.

Estas axudas do concello son un esforzo ben encamiñado, naturalmente escaso e provisto un pouco a destempo, por canto se fan efectivas cando xa transcorre unha parte do curso.

A este último punto é ó que queremos referirnos na presente moción. Segundo a normativa de admisión do alumnado, a mediados de maio deben estar resoltas tódalas peticións de praza feitas dentro do prazo establecido. Sería polo tanto o 15 de maio unha boa data para iniciar a petición de axudas para a adquisición de material escolar, deste xeito esas peticións poderían estar resoltas a mediados de xullo, e poderían facerse efectivas cando as familias, despois dos

dous primeiros días de clase, aportaran certificación de que o/a alumno/a está matriculado/a e facendo uso da praza asignada.

De consideralo necesario, poderíase habilitar unha fórmula para atender as necesidades do escaso número de alumnos/as que fan as peticións e obteñen o seu posto escolar fóra do prazo establecido.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Dar os pasos necesarios para convocar, este ano e os seguintes, as axudas para a adquisición de material escolar na segunda quincena de maio, para que poidan estar resoltas no mes de xullo, e executadas dentro da primeira semana lectiva.
2. 2. Habilitar un mecanismo para que poidan optar a axuda as familias que, por causa suficientemente xustificada, obteñan un posto escolar fora dos prazos establecidos con carácter xeral.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate e sometida a votación a moción, **NON QUEDA APROBADA** con 8 votos en contra (5 dos membros do grupo BNG e 3 do grupo PSOE) 7 votos a favor (2 dos membros do grupo Rianxo en Común, 4 dos membros do grupo PP e 1 voto da concelleira de Ciudadanos), e 0 abstencións, dos 15 concelleiros/as presentes, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

12 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG: SOBRE OS SERVIZOS DOS BANCOS E DA BANCA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a SOBRE OS SERVIZOS DOS BANCOS E DA BANCA, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

O Alcalde, sinala que esta proposta foi enviada pola Coordinadora Estatal en defensa do sistema público de pensións (COESPE), pero que a presenta o grupo municipal do BNG.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presentación desta moción nace da constatación diaria de que a banca da por suposto que todos e todas nós estaremos ao seu servizo para levalos a conseguir o seu obxectivo:

enriquecerse co noso traballo.

Durante o ano 2019, os beneficios da banca caeron un 24% se o comparamos cos obtidos no ano 2018. No canto de gañar 15.140 millóns, “unicamente” gañaron 12.250. Os intereses da banca tiveron un incremento do 3,8%. As comisións baixaron un 0,1%, e foron de 9.797 millóns.

A Banca di que ten perdas. Isto na súa linguaxe, significa que agora gaña menos que antes, e cando se da conta, impaciéntase e adopta un camiño que cren que lles ha de facilitar o volver ter grandes beneficios. Como quere beneficios, pecha sucursais, despide persoal e reduce o horario de atención a todo o mundo para poder centrar a súa atención nas empresas e en xente con diñeiro.

Pero aínda e con todas estas reducións na prestación do que se denomina “servizos”, aspira a cobrar novas e cuantiosas comisións. Servizo? Seguro? Como que dispón de menos persoal e cun horario aberto ao público máis reducido, moitas das xestións que se facían por portelo, agora hanse de facer por ordenador ou polo caixeiro automático. Hai persoas ás que lles custa “entenderse” co caixeiro automático, son poucos, pero existen. Hainas que non se fian de dar, manipulando por internet, o seu número de conta por medo aos piratas informáticos. Pode parecer absurdo porque hai moita protección telemática, pero se Facebook ou Twiter poden ser asaltadas, a aplicación dun banco aínda pode ser máis vulnerable.

Hai xente maior, e non tan maior, que non é capaz de facer frete á linguaxe burocrática das máquinas sen a presenza dunha persoa que a axude a entender o que se lle pide, como pode responderlle, que necesita. senten inseguros. Este problema afecta a moitos cidadáns, e os concellos débanllo de expor para dar protección aos seus concidadáns. A informática é o presente e o futuro, pero moitas persoas non temos a informática nin como presente nin con futuro, porque non formou parte do seu pasado. É necesario atopar respostas para resolver esta situación: Trátase dunha situación transitoria porque as novas xeracións, máis escolarizadas e cunhas contornas dixitais inexistentes ata non hai moitos anos, estarán máis preparadas e no mesmo contorna supoñerlles un estímulo permanente para a actualización funcional.

Un concello non debería permitir que unha gran parte dos seus cidadáns sexan e sufran o ser maltratados pola Banca, unha banca que si que quixo ese diñeiro dos cidadáns da pé e conseguiron con iso pingues beneficios e tamén poñendo en risco a economía das persoas maiores tentando venderlles produtos tóxicos impulsados por unha publicidade enganosa. Unha banca que si quere os ingresos das nosas pensións para manernos unhas contas abertas e cobrarnos unhas comisións de mantemento. Unha banca que aínda NOS DEBE a todos os cidadáns do estado os 64.000 millóns de euros do rescate bancario. Pero a situación vai máis aló, moito máis aló no caso de moitas persoas maiores. Os malos tratos da Banca son uns malos tratos que se publicitan, que utilizan a situación de debilidade do colectivo para ampliar aínda máis o seu negocio, e en consecuencia é un terreo onde se producen situacións de malos tratos. A fragilidade física, cognitiva, a soidade, os medos, a inseguridade económica poden facer que

algunhas persoas acepten formulacións financeiras que benefician moito máis á institución que non á persoa maior. Referímonos á renda garantida, a hipoteca inversa, a Renda para os maiores... produtos que serven para enriquecer máis a quen máis ten e para chuparlle uns cuantos euros a quen ten máis necesidade. A situación é tan descarada que utilizan aseguradoras externas para non implicar o nome da institución bancaria no produto financeiro que eles mesmos saben que é amoral. É por todo iso, que sometemos á consideración deste concello e dos grupos políticos do mesmo as seguintes propostas:

Parte propositiva

- Pedimos que as entidades financeiras reforcen os recursos para poder ofrecer un servizo adecuado durante todo o horario de oficina para cubrir as necesidades dos usuarios. En especial á xente maior que non pode acceder ás xestións en liña e vese abocada a situacións penosas cando é o momento de acceder ás oficinas bancarias.
 - Pedimos un servizo de calidade especializado en atención aos usuarios, para poder dar resposta ás diferentes necesidades de cada usuaria e usuario.
 - Instamos as entidades bancarias a dar a información adecuada, legal e transparente sobre os servizos e produtos que ofertan ás persoas.
 - Pedimos a este concello e a todo o consistorio, que aprobe esta moción e ademais conveña coas entidades bancarias deste municipio a súa implementación inmediata, e de traslado desta proposta á Federación de Municipios e a outras administracións supra municipais que conveñan
- Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O alcalde sinala que deberíase engadir outro punto na moción: Rexeitar as políticas dos Bancos, que levan a falta de persoal en atención ao público, a suprimir entidades ...

Manifestando os diferentes voceiros, a súa conformidade á someter á votación a moción presentada coa emenda indicada, o Pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

- Pedimos que as entidades financeiras reforcen os recursos para poder ofrecer un servizo adecuado durante todo o horario de oficina para cubrir as necesidades dos usuarios. En especial á xente maior que non pode acceder ás xestións en liña e vese abocada a situacións penosas cando é o momento de acceder ás oficinas bancarias.
- Pedimos un servizo de calidade especializado en atención aos usuarios, para poder dar resposta ás diferentes necesidades de cada usuaria e usuario.

- Instamos as entidades bancarias a dar a información adecuada, legal e transparente sobre os servizos e produtos que ofertan ás persoas.
- Pedimos a este concello e a todo o consistorio, que aprobe esta moción e ademais conveña coas entidades bancarias deste municipio a súa implementación inmediata, e de traslado desta proposta á Federación de Municipios e a outras administracións supra municipais que conveñan
- Rexeitar as políticas dos Bancos, que levan a falta de persoal en atención ao público, a suprimir entidades ...

13 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=sPIDL5Arorw>